



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2025

En Laxe, sendo as 14:00 horas do 26 de decembro de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Non asisten:

Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS).

Actúa como secretaria-interventora accidental deste concello, Dona Emilia Alborés Lema.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. EXPTE. NÚM. 2025/A008/000042.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PARTICIPAR NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ ADICIONAL 4/2025

Expte. Admvo. Núm. 2024/A008/000042

O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 03/10/2025, aprobou a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+ Adicional 4/2025 destinado aos concellos da provincia, publicando esta modificación no BOP núm. 192 de 08/10/2025.

Con data do 03/10/2025, a Deputación Provincial enviou a este concello circular específica para a elaboración do POS+ Adicional 4/2025 para poder destinalo a gasto corrente, redución da débeda dos concellos coa Deputación ou para investimentos financeiramente sostibles, na que se comunicaba que a cantidade que lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 4/2025 é de 120.860,59 euros. Nesta circular especificábase que:

“[...] Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025:

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025 se se solicitaron.*
- Redución da débeda dos concellos coa deputación pola solicitude e aplicación do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, segundo se define na Base 14 que regula o POS+Adicional 3/2025.*
- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.*

[...]”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Considerando que a primeira fase do POS+ Adicional 4/2025 se destinou a gasto corrente, a segunda fase destinase ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, por importe de 85.860,58 euros.

Á vista do exposto, con respecto á segunda fase do POS+ Adicional 4/2025, formúlase a seguinte proposta ao Pleno:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 4/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamientos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
ACONDICIONAMENTO DO TRAMO NORTE DA RÚA BESUGUEIRA, CONCELLO DE LAXE	85.860,58 €	0	0	0	85.860,58 €
TOTAL	85.860,58 €	0	0	0	85.860,58 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Laxe, 18 de decembro do 2025, O alcalde, Asdo. Francisco Charlín Oróns.”

Tras unha breve explicación do expediente por parte do sr. alcalde, intervéñen en primeiro lugar a concelleira do BNG, dona Isabel María Toja Toja, para transmitir que non ven adecuado que os plenos extraordinarios se realicen ás 14.00h porque dificulta a asistencia aos mesmos, sendo preferible que se cambiara o horarios dos plenos extraordinarios. No relativo á aprobación do POS+ Adicional, manifesta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

que é un feito afortunado que exista o POS+ da Deputación, nun departamento que goberna a compañeira do BNG e, polo tanto, o seu voto será favorable.

Don Francisco José Vidal Castro, concelleiro do Grupo Mixto e representante de PsdeG PSOE manifesta que non lle parece adecuado que o proxecto técnico sexa redactado pola mesma empresa que leva a oficina técnica municipal, cando a oficina técnica debería estar para controlar á empresa que fai o proxecto e á empresa que executa a obra e non pode ser que sexa a mesma empresa a que controla o proxecto que ela mesma fai, e desexa que conste en acta esta apreciación. Entende que non se están facendo ben as cousas cando non se da oportunidade a outras empresas e non se están realizando as licitacións, preguntando se se realizou a licitación coa redacción do proxecto.

O alcalde manifesta que todas as obras grandes teñen que ir a licitación pública, publicándose no perfil do contratante do concello e no caso de contrato menores faise con invitación a tres empresas.

Por último, o alcalde contéstalle á concelleira do BNG que os fondos do POS son cartos que corresponden aos veciños e veciñas de Laxe.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 7 [5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo), 1 do BNG (Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Castro Vidal representante de PsdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastece m. auga potable)	Total concello	
ACONDICIONAMENTO DO TRAMO NORTE DA RÚA BESUGUEIRA, CONCELLO DE LAXE	85.860,58 €	0	0	0	85.860,58 €
TOTAL	85.860,58 €	0	0	0	85.860,58 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- 2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.
- 3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:07 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria-interventora accidental a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.